

NOTA DE PRENSA

Profesionais da psicoloxía afondan no trauma en contextos de catástrofes e emerxencias

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018. Hoxe venres 26 de outubro en sesión de tarde e mañá sábado 27 de outubro ao longo de todo o día, cincuenta psicólogos e psicólogas completarán a súa formación sobre as perspectivas actuais no trauma, dentro do contexto de emerxencias e catástrofes nun curso que se desenvolverá na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

O curso ten como obxectivo facilitar a adquisición de coñecementos e ferramentas para identificar mellor as respostas comúns ante situacións de crise e trauma, tratando de familiarizar as persoas asistentes cos diferentes tipos de intervención dentro do ámbito das emerxencias e catástrofes. O curso, que celebra a súa segunda edición, despois da celebrada no pasado mes de maio, xurde como unha necesidade formativa proposta polo Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, contando co recoñecemento sanitario da Consellería de Sanidade.

Nesta formación analizaranse as novas conceptualizacións sobre trauma, as reaccións individuais máis comúns ante este tipo de eventos que poden experimentar as persoas afectadas por unha traxedia, así como o tipo de trastornos psicolóxicos que poden ir asociados a situacións de crise, e os distintos tipos de intervención que se poden levar a cabo nestes casos.

A docente responsable será a psicóloga clínica e investigadora Dolores Mosquera Barral, figura de amplo recoñecemento nacional e internacional no eido dos traumas complexos e trastornos da personalidade, sendo tamén unha recoñecida especialista en terapias de nova xeración como terapia sensoriomotora, mindfulness ou de aceptación e compromiso, entre outras. No ano 2017 recibiu o premio David Servan-Schreiber pola súa contribución no eido da terapia EMDR. Esta psicóloga forma parte da rede de terapeutas dos Programas de Atención Psicolóxica a Víctimas de Violencia de Xénero conveniado entre o COPG e a Xunta de Galicia, así como coa Rede Nacional de Atención a Víctimas do Terrorismo. É directora do centro clínico Intra TP na Coruña e Santiago de Compostela sobre o tratamento e estudo do trauma.

O GIPCE

O GIPCE é un grupo de psicólogos e psicólogas colexiados e especializados na atención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofes. Coa súa intervención procuran minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurar as súas capacidades e recursos

para que poidan resolver o máis eficazmente posible a situación de estrés e previr posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesoran a dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados, e realizan tarefas de autocoidado de grupo para tratar de diminuír o estrés nos intervenientes tras realizar unha intervención.

O GIPCE intervén durante o tempo que dura a situación crítica en contextos como accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia etc., nas que haxa persoas afectadas que precisen de atención psicolóxica, e sempre e cando as persoas afectadas acepten a súa participación. Pertence ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e desde o ano 1997 conta cun convenio coa Xunta de Galicia para o seu mantemento. Actualmente constitúe unha rede de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz neste tipo de situacións as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa comunidade.

Saúdos,

Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal